

NOTA DE PRENSA

Expertos en saúde abordan os tratamentos e técnicas complementarias aos que deben someterse as persoas que padecen ou padeceron cancro

O presidente da Asociación de Balnearios de Galicia, Antonio Garaloces, destaca a eficacia da cura termal como axuda para afrontar doenzas oncolóxicas

O curso de verán da Universidade de Santiago sobre oncoloxía integrativa reunirá no Balneario de Lugo a unha trintena de profesionais médicos entre o luns-20 e o xoves-23

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2015 (Vía Láctea Comunicación).- A Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia organiza un curso de verán sobre oncoloxía integrativa, centrado no proceso de atención a pacientes con cancro e nos aspectos máis relevantes desta enfermidade. Terá lugar entre o luns 20 e o xoves 23 no Balneario de Lugo-Termas Romanas, en horario de mañá e tarde. Congregará a profesionais sanitarios, estudantes de Medicina, afectados por esta doenza e os seus familiares.

A **oncoloxía integrativa** baséase nas denominadas “medicinas complementarias”. Consiste en integrar a todos os profesionais que xogan un papel importante na curación do cancro e conxugar as súas técnicas e tratamentos que teñen demostrado seren eficaces. O presidente da Asociación de Balnearios de Galicia e director do Balneario de Lugo, **Antonio Garaloces**, incide no valor terapéutico dos tratamentos termais e resalta en particular os seus beneficios na abordaxe do cancro. “Está demostrada a eficacia da cura termal como técnica complementaria á farmacolóxica no tratamento de pacientes oncolóxicos”, asegura **Garaloces**.

Os directores deste curso son o médico hidrólogo **Salvador Ramos** e a doutora **Lourdes Vázquez**, profesora titular da Área de Nutrición e Bromatoloxía da Universidade de Santiago. No transcurso da primeira xornada, que se celebrará este luns día 20, abordarase a epidemioloxía do cancro e a súa incidencia en España. Tratarase tamén o conxunto de cuidados específicos que require esta enfermidade e explicarase o valor da oncoloxía integrativa.

**CURSO DE VERÁN USC - BALNEARIO DE LUGO sobre Oncoloxía Integrativa
Integrando outras miradas no proceso de atención a pacientes oncolóxicos**

Os expertos destacan a importancia da alimentación para a previr o cancro e sobrevivir á doenza

O martes farase fincapé na utilidade da homeopatía e varios expertos falarán da relación entre o medio ambiente e a aparición do cancro. Pola súa parte, o doutor **Ramos** afondará na importancia dunha alimentación equilibrada para axudar á prevención e á supervivencia da doenza. Segundo apunta, “non hai ningún alimento perigoso ou milagroso para o cancro”. Non obstante, indica que existe un patrón alimentario que protexe fronte á enfermidade e axuda a paliar a súas secuelas. “Unha forma de vida anticancro céntrase en realizar actividade física, levar unha alimentación equilibrada e manter un peso saudable” -salienta-. O martes pola tarde haberá talleres dirixidos á redución do estrés e realizarase un achegamento á hidrocinesioterapia -exercicio físico na auga- en piscinas termais.

Na xornada do mércores, profesionais de Atención Primaria, enfermería, psicoloxía, fisioterapia e nutrición intercambiarán ideas sobre a importancia de que os pacientes con cancro sexan tratados por profesionais diversos e non só por sanitarios. Tamén se debaterá sobre o uso das medicinas alternativas como o reiki ou a acupuntura. E afondarase na necesidade de poñer en marcha programas de educación nutricional, ao tempo que se explicarán os beneficios da talasoterapia e darase a coñecer un programa específico de atención a mulleres afectadas por cancro de mama.

Durante a xornada do xoves incidirase no impacto do cancro no ámbito laboral e nos seus principais factores de risco, así como o retorno ao traballo. Ademais, o doutor **Ramos** falará da utilidade dos balnearios no coidado das persoas afectadas por esta doenza. Para o experto hidrólogo os centros termais e os talasos xogan un papel fundamental nos procesos de recuperación do cancro. Explica que estes espazos son contornos óptimos para promover o benestar e están moi relacionados coa filosofía anticancro.

A análise das etiquetas dos produtos cosméticos e de limpeza, a avaliación dietética por parte dun experto en nutrición e unha mesa redonda con membros das asociacións de persoas afectadas por cancro serán os temas cos que rematará a curso o xoves pola tarde.

NOTA.- Xúntase programa do curso
((Seguiremos enviando información))